

MEMORIA DE ACTIVIDADE



Clube de Montaña Xistra
XVII DESCENSO de BARRANCOS
Río Trabancas
(Parada de Sil - Ourense)
10 de xullo de 2011

Descenso de barrancos.
Río Trabancas
Parada de Sil
Ourense
10 de xullo de 2011



Organiza:

CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Patrocina:

FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Colabora:

CONCELLO DE PARADA DE SIL



Clube de Montaña XistrA

ÍNDICE

ÍNDICE

COMITÉ ORGANIZADOR

INTRODUCCIÓN

ORGANIZACIÓN, PUBLICIDADE E LOXÍSTICA

DESENVOLVEMENTO

OUTRAS INFORMACIÓNS

Participantes na actividade

Circulares e correspondencia

Fotografías

Asuntos económicos

INTRODUCCIÓN

Este XVII DESCENSO DE BARRANCOS, celebrado o día 10 de xullo de 2011, atópase na liña de fomento das actividades de deporte na natureza que o Clube de Montaña Xistra ven mantendo dende a súa creación.



A Directiva deste clube cre que é moi importante desenvolver as actividades dos montañeiros asociados e federados, achegando este deporte á sociedade e proxectando a educación no respecto á montaña e ó seu entorno, para acadar o recoñecemento das institucións e organismos gobernamentais e non gobernamentais,

que impidan proxectos absurdos de conservacionismo que arreden ós montañeiros das súas “instalacións deportivas”.

Proba de que o impacto sobre o entorno é asumible, se é realizado de xeito adecuado, é a realización deste descenso de 15 montañeiros barranquistas, sen abandono de lixo nin impacto sobre o contorno. É importante salientar que tódolos asistentes eran montañeiros federados neste deporte.

Por outra banda, a necesidade de actividades deste tipo é bastante patente dentro dun deporte minoritario coma o noso, e que as veces pode parecer individualista.

Supoñemos que a xeneralización de medios de transporte propios leva a unha evolución neste sentido, pero cremos que a comunicación e a xuntanza dos montañeiros tamén son características propias do noso deporte e que non se deben esquecer.



Por todo o anterior, o noso clube apoiará na medida das súas posibilidades ás actividades intersocietarias que xurdan doutras entidades, clubs ou federacións montaíneas.

Seguindo a nosa máxima de igualdade en tódolos campos, as nosas actividades están abertas a tódalas persoas sen diferenza de sexo ou idade.


Este ano, seguindo a nosa recomendación á FGM de anos anteriores, a actividade foi realizada no mes de xullo. Dende o club cremos que para anos próximos debemos manter as datas de xuño e xullo preferiblemente en lugar das de maio.



Probablemente por coincidir esta actividade con outras dos calendarios dos clubs e por ser unha época do ano con moitas actividades deportivas a asistencia non foi excesiva. De todas

maneiras foi superior a do ano precedente e está no límite para realizar unha actividade áxil e segura.

Así mesmo, o deporte feminino, este ano afortunadamente si estivo representado e aumentou a porcentaxe sobre o total. Participaron tres mulleres.






Mapa de situación do Canón do Trabancas en Galicia.




Concello de Parada de Sil



Situación xunto a Vilouxe. O descenso vai polo regato de Trabancas que é límite do concello de Parada de Sil.

O concello colaborou cedendo a escola unitaria para facer noite do sábado ó domingo.



Mapa en detalle.

ORGANIZACIÓN, PUBLICIDADE E LOXÍSTICA.

A organización deste descenso correu por conta da Xunta Directiva e dos socios do Clube de Montaña XistrA. O clube dedicouse a traballar na idea, elixindo o río Trabancas en Parada de Sil como un lugar moi interesante e que se acomodaba ás circunstancias da actividade, con fermosas e impresionantes paisaxes, e un barranco exento de dificultades importantes, etc.

Queremos agradecer a colaboración do Concello de Parada de Sil que cedeu unha antiga e rehabilitada escola unitaria para facer noite os asistentes que se desprazaron o sábado para facer a actividade o domingo.



Logo de esbozar un percorrido, buscar documentación e mapas, un equipo do clube desprazouse ata o lugar escollido.

Ó mesmo tempo o clube mandou información, complementada pola Federación, ós clubes e asociacións galegas.

En xeral, a actividade foi cualificada positivamente polos participantes e pola organización, coincidindo cun día que comezou con néboa e poalla e posteriormente foi mellorando ata acadar unha tarde moi boa.



DESENVOLVEMENTO

O domingo 10 de xullo foi a data elixida para a realización do descenso do río Trabancas, se ben o día anterior algúns barranquistas xuntáronse en Parada de Sil. O clube organizador recibiu ós participantes, tanto o sábado como o domingo xunto ó Restaurante "O Curtiñeiro", na Praza da Fonte en Parada de Sil.



A actividade do sábado consistiu nun paseo ata os miradoiros sobre o Sil e rematou cunha cea no citado restaurante cunha invitación do club a tódolos presentes.



Clube de Montaña XistrA

PROGRAMA

Datas: 9 e 10 de xullo.

Programa:

DÍA 9

- 19h: Recepción en Parada de Sil. Durmida na escola cedida polo Concello de Parada de Sil
- 21h: Cea en Parada de Sil.

DÍA 10 – Actividade oficial.

- 9h: Limpeza e saída do colexio. Almorzo en Parada de Sil e recepción do resto dos participantes.
- 10h: Inicio barranco río Trabancas
- 18h: Clausura actividade.

Foi necesario levar provisións para comer durante o descenso.

Material obrigatorio para realizar a actividade: casco, neopreno, calzado adecuado á actividade, arnés, daga e 3 mosquetóns (1 HMS e 2 sen seguro), cinta e oito.



Clube de Montaña Xistra

Regulamento (copia da información previa á actividade):

1. Esta actividade terá lugar o día 10 de xullo de 2011 no río Trabancas. O lugar e a data do descenso poderán mudar en función do caudal do río e doutras consideracións da Organización.
2. Poderán participar unicamente montañeiros federados con licenza deportiva que cubra esta actividade, coa experiencia mínima necesaria e que mostren condicións físicas adecuadas.
3. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade: neopreno ou prendas aptas para a auga, casco, arnés, oíto, comida para o descenso e demais material da actividade.
4. A organización poderá vetar a participación de calquera deportista que non cumpra dos puntos 2 e 3, cuestión que non exime ós participantes da súa responsabilidade persoal e total se son admitidos.
5. O material colectivo levarao a Organización.
6. As inscricións efectuaranse na F.G.M., ou chamando ó Clube de Montaña Xistra, antes do día 7 de xullo (xoves). Fax da FGM 986207407. Fax de Xistra 886117011.
7. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
8. Os participantes comprométense a seren respectuosos ó máximo co entorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.

9. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.

10. SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.



Comentario:

Como comentario dos organizadores, esta actividade debe ser recomendada só para persoas con algunha experiencia en barrancos e programada para realizar nos meses de xuño e xullo, co fin de garantir as mellores condicións.



Club de Montaña XistrA

OUTRAS INFORMACIÓNS

RELACIÓN DE PARTICIPANTES

CIRCULARES E CORRESPONDENCIA


FOTOGRAFÍAS

ASUNTOS ECONÓMICOS



ASISTENTES

BARRANQUISTAS	15	100%
ASISTENTE / COORDINADOR	0	0%
TOTAL ASISTENTES	15	100%






Clube de Montaña XistrA


ASISTENTES POR CLUBES

CLUBE	BARRANQUISTAS	
CLUB MONTAÑA FERROL	1	7%
C. DE MONTAÑA RIBEIRA SACRA	2	13%
CLUBE DE MONTAÑA XISTRA	5	33%
CLUB MONTANEIROS CELTAS	7	47%
TOTAIS	15	100%




BARRANQUISTAS POR PROVINCIAS (Segundo o domicilio social do club).

	BARRANQU.		ACOMPAN.	TOTAIS
CORUÑA	1	7%	0	1
LUGO	0	0%	0	0
OURENSE	2	13%	0	2
PONTEVEDRA	12	80%	0	12
TOTAIS	15	100%	0	15




BARRANQUISTAS POR SEXO

HOMES	12	80%
MULLERES	3	20%
TOTAIS	15	100%



BARRANQUISTAS POR IDADE

MENOS DE 18	0	0%
DE 18 A 25 ANOS	0	0%
DE 25 A 35 ANOS	2	13%
DE 35 A 45 ANOS	4	27%
DE 45 A 55 ANOS	9	60%
DE 55 A 65 ANOS	0	0%
MÁIS DE 65 ANOS	0	0%
TOTAL	15	100%



CIRCULARES E CORRESPONDENCIA



(ver anexos).

FOTOGRAFÍAS





Club de Montaña XistrA





Clube de Montaña XistrA





Club de Montaña XistrA






Clube de Montaña XistrA



Clube de Montaña Xistra






Clube de Montaña XistrA





Clube de Montaña XistrA



Clube de Montaña Xistra

